



ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	9 de decembro de 2020
Duración	Desde as 13:00 ata as 13:35 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS CASA DO CONCELLO DE PARADELA
Presidida por	JOSÉ MANUEL MATO DIAZ
Secretario	RUTH LOPEZ MOSQUERA GARCÍA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33559722P	ADRIÁN FERNÁNDEZ JUIZ	SÍ
34268461W	ANA BELÉN LÓPEZ ALVAREZ	NON
76619142R	BENJAMÍN LÓPEZ MATO	SÍ
34280324C	IVÁN CASTRO DÍAZ	NON
76619127D	JESUS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ	SÍ
32754081B	MARIA MONTSERRAT MULET SAR	SÍ
33860653F	ROBERTO DÍAZ LUACES	SÍ
34256591T	SARA ARIAS LÓPEZ	SÍ





Escusas de asistencia presentadas:

1. Ana Belén López Álvarez:

«Asuntos pessoais»

1. Iván Castro Díaz:

«Baixa médica»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade

PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2020

O Sr. Alcalde - Presidente pregunta ós asistentes se teñen que formular algunha observación á acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria celebrada o día 13 de outubro de 2020.

Como non se formulou ningunha, o Sr. Alcalde - Presidente proclama aprobada, por unanimidade, a acta da citada sesión, e ordena a súa transcripción ao Libro de Actas, segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 84/2020. Información Económico-Financeira

Favorable

Tipo de votación: Non se vota

SEGUNDO.- DAR CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGO REFERIDO AO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2020.

Dáse conta do cumprimento do período medio de pago ao abeiro do establecido na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, que introduce o concepto de período medio de





pago como expresión do tempo de pago da débeda comercial e do informe de morosidade de acordo coa Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, referidos ao terceiro trimestre do exercicio 2020. No R.D. 635/2014 desenvólvese a metodoloxía de cálculo deste, así como a súa publicidade e as condicións para a retención dos recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

A Corporación, por unanimidade, acorda darse por enterada.

DAR CONTA DA EXECUCIÓN TRIMESTRAL REFERIDA AO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2020

Favorable

Tipo de votación: Non se vota

TERCEIRO.- DAR CONTA DA EXECUCIÓN TRIMESTRAL REFERIDA AO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2020.

Dáse conta dos datos relativos a execución trimestral do Orzamento Xeral deste Concello relativos ao terceiro trimestre do ano 2020, os cales foron enviados por vía telemática ó Ministerio de Facenda e Administración Públicas.

O Concello Pleno, por unanimidade, acorda darse por enterado.

DACION DE CONTA DA APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO PARA O ANO 2021

Favorable

Tipo de votación: Non se vota

CUARTO.- DAR CONTA DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO PARA O ANO 2021.

Dáse conta do Decreto da Alcaldía – Presidencia núm. 230/2020, de data 09/11/2020, do seguinte teor literal:

“DECRETO DA ALCALDÍA – PRESIDENCIA

DON JOSE MANUEL MATO DÍAZ // En Paradela, na data da sinatura.

Visto que con data se incoou procedemento para a aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento regulado no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e en concordancia co establecido no artigo 4.1.b) da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se





Concello de Paradela

desenvolven as obrigas de subministración de información.



Cod. Validación: 79W6ATRGPX6K6Z7TTATXKSNWKF | Corrección: <https://paradela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 12



Concello de Paradela

En atención ao establecido na Directiva 2011/85/UE do Consello de 8 de novembro de 2011, no artigo 27 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de Abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos artigos 4, 5, 6 e 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e de conformidade co disposto no artigo 168.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo,

RESOLVO

PRIMEIRO. *Aprobar as Liñas Fundamentais do Orzamento elaborado por esta Entidade Local que servirá de base para a elaboración do Orzamento do ano 2021, co seguinte desglose:*





Concello de Paradela

Ingresos / Gastos	Ano 2020	Ano 2021	Supostos nos que se basean as proxeccións
INGRESOS	1.700.000,00	1.800.000,00	
Correntes	1.200.000,00	1.300.000,00	Incremento imposto bens de características especiais por alta de parques eólicos
De capital	500.000,00	500.000,00	
Ingresos Non Financeiros	0,00	0,00	
Ingresos Financeiros	0,00	0,00	
GASTOS	1.700.000,00	1.700.000,00	
Correntes	1.250.000,00	1.250.000,00	
De capital	425.500,00	425.500,00	
Gastos Non Financeiros	24.500,00	24.500,0	
Gastos Financeiros	0,00	0,00	
Saldo de operacións non financeiras	24.500,00	24.500,00	
(+/-) Axustes SEC-10	0,00	0,00	
Capacidade ou Necesidade de Financiamento	24.500,00	24.500,00	
Débeda viva a 31/12	59.644,89	36.007,74	
A curto prazo			
A longo prazo	59.644,89	36.007,74	
Cociente Débeda Viva/ Ingresos Correntes	0,05	0,03	



Expediente 162/2020. Elaboración e Aprobación do Orzamento

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

QUINTO.- APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO XERAL E PLANTEL DE PERSOAL ANO 2021

Vista a proposta da Alcaldía – Presidencia, de data 03 de decembro de 2020, sobre aprobación do Orzamento Xeral e plantel de persoal deste Concello para o ano 2021.

Visto e coñecido o contido do informe emitido pola Secretaría – Intervención municipal de data 03 de decembro de 2020 en cuestións relativas aos aspectos procedimentais do Orzamento.

Visto o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e do cumprimento da Regra de gasto da mesma data do que se desprende que a situación é de cumprimento.

Aberta a deliberación, prodúcense as seguintes intervencións:

Pola Secretaria do Concello dáse conta das principais notas dos orzamentos e dos cambios máis significativos respecto aos do ano anterior.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal Socialista D. Roberto Díaz Luaces dicindo que van a votar en contra en primeiro lugar porque non se reflicte nun incremento do SAF no que hai longas listas de espera, e porque o anexo de inversión é moi xenérico e non se especifican os camiños que se van a rexenerar, non hai investimentos significativos na dotación de auga pública cando se debería de ir dotando en todas as parroquias así como os poucos investimentos nas parroquias afectadas polos eólicos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que os orzamentos se axustan as necesidades actuais existentes no Concello, e que non se especificaron as inversións porque a estas alturas do exercicio non coñecemos os proxectos que serán aprobados pola Xunta.

Sometido o asunto a votación, o concello pleno, cos votos a favor dos grupos municipais do P.P. (5 votos) e o voto en contra do grupo municipal do PSdeG – PSOE (2 votos), adoptou o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio económico 2021 xunto coas súas Bases de execución, nos termos que obran no expediente, e cuxo resume é:

ESTADO DE GASTOS		ANO 2020	ANO 2021
RESUMO POR CAPÍTULOS			
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS	EUROS





A) OPERACIÓNS CORRENTES			
1	GASTOS DE PERSOAL	447.236,17	483.998,51
2	GASTOS CORRENTES E SERVICIOS	622.688,67	761.560,00
3	GASTOS FINANCEIROS	950,00	2.250,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	48.088,31	76.088,31
5	FONDO DE CONTINGENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	7.500,00	0,00
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	INVESTIMENTOS REAIS	601.900,14	625.887,12
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	28.000,00	0,00
C) OPERACIÓNS FINANCEIRAS			
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	23.637,01	20.216,06
TOTAL DO ESTADO DE GASTOS		1.780.000,00	1.970.000,00

ESTADO DE INGRESOS		ANO 2020	ANO 2021
RESUMO POR CAPÍTULOS			
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS	EUROS
A) OPERACIÓNS CORRENTES			
1	IMPOSTOS DIRECTOS	656.000,00	827.694,23
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	34.000,00	34.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	147.554,12	148.682,65
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	697.607,17	714.793,96
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	13.177,12	13.177,12
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	231.660,59	231.652,04
C) OPERACIÓNS FINANCEIRAS			





8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS		1.780.000,00	1.970.000,00

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o plantel de persoal comprensiva de todos os postos de traballo.

TERCEIRO.- Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2021, as Bases de Execución e o plantel de persoal aprobados, por un prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

QUINTO. Remitir copia á Administración do Estado, así como, á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma.

Expediente 90/2020. Contratacións

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade

SEXTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ESTRATÉGICO DE REVITALIZACIÓN LOCAL DO CONCELLO DE PARADELA.

Dáse conta da proposta da Alcaldía – Presidencia, de data 03 de decembro de 2020, do seguinte teor literal:

“Visto que o Concello de Paradelas atópase nunha situación privilexiada xeograficamente, e conta cunha serie de fortalezas que poderían permitir una revitalización nos vindeiros anos: o paso do Camiño de Santiago (Patrimonio da Humanidade), a declaración recente do ARI; a candidatura a UNESCO da propia Ribeira Sacra, así como unha estabilidade no eido urbanístico cun Plan Xeral aprobado hai pouco máis de dez anos.

En atención a que non existe un aproveitamento territorial destas fortalezas e existe una perda constante de poboación, faise necesario a elaboración dun plan estratéxico de revitalización local do Concello para poder optar ás convocatorias anuais de Fondos FEDER, en atención ás competencias outorgadas á Alcaldía – Presidencia polo artigo 21.1.n) e ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria celebrada en data 15 de xullo de 2020, de adxudicación do contrato menor de servizos de “Desenvolvemento dun plan estratéxico de revitalización local do





concello de Paradela" á Empresa "MUÑIZ MAS ALFAYA, S.L.P", con CIF nº B-15.932.346"

Visto o "PLAN ESTRATÉXICO DE REVITALIZACIÓN LOCAL DO CONCELLO DE PARADELA", confeccionado pola "MUÑIZ MAS ALFAYA, S.L.P", con CIF nº B-15.932.346", e presentado nas dependencias municipais o día 30/11/2020 (registro de entrada 2020-E-RE-184), para reinventar o rural a través de catro liñas de actuacións:

1. A posta en valor do Quilómetro 100 do Camiño de Santiago.
2. O inicio dun roteiro pola Ribeira Sacra. De xeito conxunto con Portomarín.
3. O fortalecemento do centro de Paradela, cunha serie de actuacións coordinadas que permitan fixar a poboación existente e garantir os servizos para o conxunto do municipio.
4. No conxunto do municipio, estender a idea de que é posible o "reINICIO" vital.

Vista a documentación obrante no expediente, e en atención ás competencias que me atribúe a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 22.2.q), propoño ao Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o plan estratéxico de revitalización local do Concello de Paradela.

SEGUNDO.- Proceder á apertura dun trámite de información pública por un período de vinte (20) días hábiles mediante a publicación de anuncios no BOP, que empezará a contar a partir do día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP, para os efectos da presentación de alegacións. De non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación será elevada a definitiva sen máis trámite, segundo o disposto no artigo 72 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- O plan estará exposto fisicamente durante o mencionado prazo nas oficinas da casa do concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas, así como tamén no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello: <http://paradela.sedelectronica.es>."

Aberta a deliberación, prodúcese as seguintes intervencións:

Toma a palabra o Sr. Alcalde facendo un resumo do estudo de viabilidade da situación de Paradela para o seu desenvolvemento económico e social, cuxa estratexia de alineación conta, entretos, cos seguintes obxectivos:

- Ordear o territorio e facer un uso racional do solo.
- Evitar a dispersión urbana.
- Reducir o impacto no cambio climático.
- Fomentar a cohesión social





- Fomentar a economía urbana.
- Garantir o acceso á vivenda.
- Mellorar as instalacións municipais.
- Favorecer o medio ambiente sostible.

Continúa a súa intervención poñendo en valor a posibilidade de optar a subvencións europeas, ás que o concello non tiña acceso ata este intre, e destaca a participación veciñal na redacción do mesmo, a través de sendas reunións entre o equipo técnico e as asociacións veciñais, os sectores da gandería e do sector servizos e a Corporación municipal.

Agora mesmo estamos corrixindo unhas erratas na denominación das rúas e nomes dos pobos e, posteriormente encargárase a redacción do proxecto ao equipo redactor do plan, e unha vez presentado ao grupo de goberno, daráselle a maior publicidade e participación posible.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes, acorda a aprobación da referida proposta.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA

SÉTIMO.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA – PRESIDENCIA.

Dáse conta dos Decretos subscritos pola Alcaldía – Presidencia dende o núm. 191 do día 01/10/2020 ata o núm. 252 do día 03/12/2020.

A Corporación, por unanimidade, acorda darse por enterada.

MOCIONS DOS GRUPOS

Non houbo

ROGOS E PREGUNTAS





**Concello de
Paradela**

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do nove de decembro de dous mil vinte, esténdese a presente acta da que coma Secretaria-Interventora dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE A MARXE



Cod. Validación: 79W6ATRGPX6K6Z7TTATXKSNKFI | Corrección: <https://paradela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 12

Concello de Paradela

Rua Cabaleiros de Santiago, 15, PARADELA. 27611 Lugo. Tfno. 982541101. Fax: 982541232. Correo-e: concello.paradela@eidolocal.es